



XUNTA
DE GALICIA

MEMORIA DO PLAN DE INSPECCIÓN AMBIENTAL DE GALICIA 2019-2024

Servizo de Intervención Ambiental

DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E SOSTIBILIDADE



ÍNDICE

1. Introducción.....	Páx. 2
2. Acrónimos, abreviaturas e definicións	Páx. 4
3. Obxecto	Páx. 7
4. Cumprimento dos obxectivos do Plan	Páx. 9
5. Actuacións realizadas	Páx. 11
6. Tipos de inspección	Páx. 26
7. Medios e recursos da Inspección Ambiental	Páx. 27
8. Actuacións de control e inspeccións realizadas	Páx. 32
9. Inspeccións realizadas polo persoal Inspector Ambiental	Páx. 37
10. Inspeccións realizadas pola Policía Autonómica de Galicia (UPA)	Páx. 52
11. Inspeccións realizadas pola OCA	Páx. 56
12. Indicadores Ambientais do Plan	Páx. 58
13. Logros acadados	Páx. 63
14. Conclusións	Páx. 64
15. Propostas de mellora	Páx. 66



1. INTRODUCCIÓN

Cúmprense xa trinta anos desde que a Lei 1/1995, de protección ambiental de Galicia, regulaba a organización dunha inspección ambiental unificada para a comunidade autónoma, coordinada polo órgano ambiental. Esta organización desenvolveuse mediante o Decreto 156/1995, de inspección ambiental. Neste decreto xa se indicaban algunhas cuestións sobre a actividade planificada de inspección.

A inspección foi evolucionando ao longo dos anos adaptándose a novas normativas que se ían desenvolvendo na materia e ás recomendacións establecidas pola Comisión Europea, así coma os avances tecnolóxicos que foron aparecendo para o control de actividades.

A Recomendación do 4 de abril de 2001 sobre criterios mínimos das inspeccións ambientais nos Estados Membros (2001/331/CE) indicaba que a acción da inspección ambiental debía ser planificada. Esta recomendación se reflicte e incorpora as novas normativas de prevención e control integrados da contaminación e de control de traslados internacionais de residuos.

O Real decreto 815/2013, de emisións industriais, incorpora a definición de Plan de inspección ambiental como o “conxunto de obxectivos e actuacións definidas polas autoridades de inspección, ao longo dun determinado período de tempo, co fin de garantir o cumprimento das condicións ambientais establecidas pola lexislación ambiental aplicable”.

A nivel galego, é precisamente neste ano 2013 no que se adapta e sistematiza a planificación da inspección ambiental en Galicia coa publicación do primeiro plan de inspección ambiental redactado conforme a Directiva de Emisións Industriais (DEI), o Plan de Inspección Ambiental 2013-2018.

No ano 2017 iniciouse a redacción do proxecto de borrador dun novo decreto de inspección ambiental de Galicia, dado que o Decreto 156/1995 estaba obsoleto e estaba enfocado ao RAMINP que xa estaba derogado.

Tamén no ano 2017 iniciouse a implantación do sistema de xestión de calidade da Inspección Ambiental de Galicia. Acadouse a certificación segundo a norma UNE-EN ISO 9001:2015 para a Inspección Ambiental de Galicia en decembro de 2018. Desde entón o



sistema segue evolucionando e servindo de marco para a actividade inspectora a través de procedementos e protocolos en continua revisión, de xeito coherente coa planificación desenvolta, axudando a sistematizar todas as múltiples tarefas que require o proceso de inspección.

O plan de Inspección Ambiental 2019-2024 deu continuidade ao Plan de inspección 2013-2018 coa desagregación do plan en tres plans específicos: actividades IPPC, actividades non IPPC e transfronteirizos.

En 2020 publicouse o Decreto 7/2020, de inspección ambiental de Galicia, que recolle un contido mínimo dos plans de inspección ambiental, incorporando os requirimentos da normativa desenvolta, recollendo e ampliando os contidos xa establecidos noutras normas estatais e europeas. Neste decreto incorpórase a obriga de elaborar unha memoria anual en que se describan e se valoren as actuacións inspectoras realizadas e os seus resultados, así como o grao de cumprimento da planificación das inspeccións ambientais.

A partir do ano 2021 incorporouse o plan específico de vertedoiros, de acordo co indicado no Real decreto 646/2020, de 7 de xullo, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro.

Aínda que a normativa non establece a obriga de realizar unha memoria específica dos plans de inspección, xa desde os inicios da actuación planificada da inspección por parte da entón Consellería de Medio Ambiente considerouse a elaboración destas memorias como exercicio de transparencia e ferramenta de avaliación da situación da actividade inspectora nun marco temporal que permitira analizar tendencias e resultados a unha escala de tempo plurianual.



2. ACRÓNIMOS, ABREVIATURAS E DEFINICIÓNS

2.1. ACRÓNIMOS E ABREVIATURAS

AAI:	Autorización Ambiental Integrada
AELC:	Asociación Europea do Libre Comercio
AMTEGA:	Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia
ARA:	Análise de Riscos Ambientais
CAT:	Centros Autorizados de Tratamento de Vehículos
DEI:	Directiva de Emisións Industriais
EEE:	Espazo Económico Europeo
EMAS:	Sistema Comunitario de Ecoxestión e Ecoauditoría
GFO:	Garantía financeira obrigatoria derivada da Lei 26/2007 de Responsabilidade Medioambiental
IC:	Criterio de impacto
IMPEL:	Rede da Unión Europea para a Aplicación e Cumprimento do Dereito Ambiental (<i>Implementation and Enforcement of Environmental Law</i>)
INE:	Instituto Nacional de Estatística
IPPC:	Prevención e control integrados da contaminación
IRAM:	Método Integrado de Avaliación de Risco
ISO:	Normas técnicas internacionais da Organización Internacional de Normalización (<i>International Organization for Standardization</i>)
LMAG:	Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia
LRM:	Lei 26/2007, de Responsabilidade Medioambiental
MTDs:	Mellores Técnicas Dispoñibles
OCA:	Organismo de Control Autorizado
OPC:	Criterio de comportamento do operador
PCV:	Plan de Control de Vertidos



PRIGA:	Plan de Xestión de Residuos Industriais de Galicia
PRTR:	Rexistro Estatal de Emisións e Fontes Contaminantes
RAMINP:	Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas
RCDs:	Residuos de construción e demolición
REDIA:	Rede de Inspección Ambiental de España
SEPRONA:	Servizo de Protección da Natureza da Garda Civil
SXC:	Sistema de Xestión da Calidade
SXMA:	Sistema de Xestión Medioambiental
TFS:	Traslados Transfronteirizos de Residuos
UE:	Unión Europea
UNE-EN:	Normas españolas creadas nos Comités Técnicos de Normalización
UPA:	Unidade da Policía Autonómica de Galicia

2.2. DEFINICIÓNS

Autorización Ambiental Integrada	Resolución escrita do órgano competente da comunidade autónoma na que se localice a instalación, polo que se permite, aos efectos da protección do medio ambiente e da saúde das persoas, explotar a totalidade ou parte dunha instalación, baixo determinadas condicións destinadas a garantir que cumpre o obxecto e disposicións do RDL 1/2016 e o RD 815/2013 de IPPC. En Galicia outórgase por resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade.
CAMGAL	Plan Territorial de Continxencias por Contaminación Mariña Accidental de Galicia.
Desviación ambiental	Todo incumprimento dos condicionantes da autorización ambiental (incluídos os referentes á normativa ambiental que lle sexa de aplicación dentro da propia autorización) ou situación que aínda non incumprindo os condicionantes pode supoñer un risco ambiental.
GAIA	Plataforma Galega de información ambiental (https://gaia.xunta.es). Futuro portal único de acceso a todas as aplicacións da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade.



Informe de inspección IPPC	Informe realizado polo persoal inspector tras realizar unha inspección de verificación ambiental no que se incluírán as conclusións relativas ao cumprimento das condicións da autorización ambiental integrada pola instalación, así como respecto a calquera ulterior actuación necesaria.
Inspección ambiental	Toda acción levada a cabo pola autoridade competente ou no nome desta co obxecto de comprobar, fomentar e asegurar a adecuación das instalacións e actividades susceptibles de afectar negativamente o ambiente ás condicións contidas nos instrumentos preventivos ambientais ou nas normas ambientais, e controlar, se for o caso, a súa repercusión ambiental.
Mellores Técnicas Disponíbles (MTDs)	A fase máis eficaz e avanzada de desenvolvemento das actividades e das súas modalidades de explotación, que demostren a capacidade práctica de determinadas técnicas para constituír a base dos valores límite de emisión e outras condicións da autorización destinadas a evitar ou, cando isto non sexa posible, reducir as emisións e o impacto no conxunto do medio ambiente e a saúde das persoas.
Persoal inspector ambiental	Persoal funcionario autonómico acreditado pola dirección xeral competente en materia de calidade ambiental para realizar inspeccións ambientais.
Plan de inspección ambiental	Conxunto de obxectivos e actuacións definidas pola dirección xeral competente en materia de calidade ambiental, con carácter plurianual, co fin de garantir o cumprimento das condicións ambientais establecidas pola normativa ambiental aplicable.
Programa de inspección ambiental	Documento executivo de vixencia anual que recolle toda a información precisa para realizar as inspeccións ambientais que nel se inclúen e priorizan, así como a previsión dos recursos necesarios para a súa execución.
Residuo	Calquera substancia ou obxecto que o seu posuidor desbote ou teña a intención ou a obriga de desbotar, de acordo coa lexislación básica.
Sistema de inspección ambiental	Conxunto suficiente e axeitado de medios persoais e materiais dependentes da dirección xeral competente en materia de calidade ambiental para realizar con eficacia os labores de control e inspección ambiental, así como do exercicio da potestade sancionadora para garantir un axeitado nivel de comprobación do cumprimento ambiental.
Subprograma de inspección ambiental	Nivel de agregación en que se agrupan as actuacións contidas no programa de inspección ambiental. Distínguese pola súa permanencia ao longo do tempo, polo carácter xeral do seu contido e porque pode incluír unha ou varias campañas de inspección.
Valores límite de emisión	A masa ou a enerxía expresada en relación con determinados parámetros específicos, a concentración ou o nivel dunha emisión, onde o valor non debe superarse dentro dun ou varios períodos determinados.
Verificación ambiental	Inspección ambiental programada de avaliación do cumprimento da AAI dunha instalación sometida á normativa IPPC.

3. OBXECTO

O obxecto desta memoria é avaliar os resultados da actividade inspectora desenvolvida durante a vixencia do Plan de inspección 2019-2024 e analizar os indicadores que se propuxeron no mesmo para estimar en que grao se alcanzaron os fins últimos do plan. A área xeográfica á que se aplicará o presente Plan de Inspección Ambiental, así como os programas anuais que o desenvolvan, é o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Cumprindo co compromiso de transparencia da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, é obxecto desta memoria a avaliación da situación da actividade inspectora no marco temporal do Plan de inspección ambiental 2019/2024 para analizar resultados da inspección e as tendencias no comportamento ambiental das instalacións.

O Decreto 7/2020, do 9 de xaneiro, de inspección ambiental de Galicia, esixe a elaboración de plans plurianuais de inspección ambiental coa finalidade de articular, programar e racionalizar as inspeccións ambientais que se efectúen na comunidade autónoma de Galicia e, en base a dito plan, a elaboración de programas anuais que inclúa a frecuencia das visitas de inspección aos distintos tipos de instalacións e actividades cubertas polo devandito plan.

O artigo 12 do Decreto establece que a dirección xeral competente en materia de calidade ambiental elaborará anualmente unha memoria na que se describan e se avalíen as actuacións inspectoras realizadas e os seus resultados, así como o grado de cumprimento da programación das inspeccións ambientais.

De acordo co citado artigo no período 2019-2024 elaboráronse 6 memorias anuais.

Este documento elabórase adicionalmente das memorias anuais, para dar unha visión global da execución do plan.

As inspeccións realizadas no período avaliado céntrase nas instalacións con autorizacións, licenzas, permisos e demais requisitos esixidos na normativa de carácter ambiental sobre cuxa aplicación ten competencia a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade. Así como a todas as instalacións e as actividades de calquera tipo que sexan susceptibles de afectar negativamente ao medio ambiente e á saúde da cidadanía e que se atopen ou



desenvolvan no ámbito territorial da comunidade autónoma de Galicia, de xeito coordinado con outras unidades ou departamentos con competencias nas materias.

En concreto, as inspeccións abarcaron os seguintes aspectos:

Auga	A inspección límtase á comprobación da xestión das augas residuais xeradas no interior das instalacións e os seus recintos, verificando a súa vez o cumprimento dos límites establecidos na autorización, de xeito coordinado cos órganos de cunca.
Aire	Control e inspección das condicións de autorización das emisións das actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera.
Residuos	• Control e inspección sobre a produción e xestión de residuos perigosos e non perigosos. • Control de traslados transfronteirizos de residuos dentro da competencia da comunidade autónoma.
Protección da calidade do solo	Control e Inspección sobre actividades potencialmente contaminadoras do solo.
Ruídos e vibracións	Exclusivamente asociado a actividade industrial.
Autorización Ambiental Integrada (AAI)	Inspección de actividades sometidas ao ámbito de aplicación do Real decreto 815/2003, de 18 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, de 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación.
Avaliación de impacto ambiental	Control de actividades sometidas a avaliación de impacto ambiental cando sexa preciso en materia de fianzas ambientais.

Esta memoria atoparase accesible na páxina web da Inspección Ambiental de Galicia, tras a súa aprobación.



4. CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS DO PLAN

Cumprimento das liñas estratéxicas e obxectivos do Plan

O obxectivo xeral do Plan de inspección ambiental é definir as liñas estratéxicas e o marco de actuación que debe servir de guía para a elaboración posterior dos sucesivos Programas anuais de inspección, así como establecer a metodoloxía e os indicadores a empregar para determinar dun modo sistemático e obxectivo as instalacións e actividades que serán obxecto de inspeccións e a frecuencia das mesmas en función dos potenciais riscos, para lograr un nivel elevado de protección do medio ambiente de Galicia e asegurar un desenvolvemento sostible.

A continuación resúmese a situación actual dos obxectivos expostos no Plan 2019-2024:

Obxectivo	Alcance e situación actual
Garantir o cumprimento da normativa ambiental das instalacións IPPC	Superouse o 80% das inspeccións programadas anuais das instalacións con AAI nos seis anos. Co control e seguimento destas instalacións comprobouse que ditas instalacións melloraron o grao de cumprimento da AAI.
Garantir o cumprimento da normativa ambiental das instalacións non IPPC	Realizáronse inspeccións por parte da inspección ambiental a instalacións para comprobar a situación en relacións ás emisións á atmosfera, COVs e cumprimento da normativa de responsabilidade ambiental. Coa colaboración da UPA, realizáronse inspeccións a sectores como: centros de tratamento de vehículos fora de uso, lodos, xestores e produtores de residuos da construción, pneumáticos, talleres. Nestas inspeccións comprobouse a mellora destas instalacións . Tamén se levaron a cabo actuacións de vixilancia ambiental traveso de OCAs a produtores de residuos para comprobar a súa correcta xestión.
Garantir o cumprimento da normativa ambiental sobre traslados transfronteirizos de residuos	Neste plan incrementáronse as inspeccións realizadas a operadores, co obxectivo de que cumpran a normativa.
Identificación e regularización das actividades non legalizadas	Traballouse en colaboración coa UPA na regularización de actividades. Realizouse unha campaña específica de talleres, na que se conseguiu que actualmente a maioría deles estean regularizados ambientalmente e melloraran o almacenamento e xestión dos residuos.



	Ademais tamén comprobouse unha diminución dos puntos de vertidos incontrolados de residuos, a maioría residuos de construción e asimilables a residuos urbanos.
Promover a calidade e mellora continua da inspección ambiental	A Inspección Ambiental de Galicia conta cun Sistema de Xestión de Calidade certificada en base á norma UNE-EN ISO 9001:2015, que se mantivo con resultados satisfactorios ao longo do Plan 2019-2024. O SXC conta cun Plan Anual de Formación. Neste período impartíronse 9 cursos para o persoal inspector. Para o persoal da UPA impartíronse 3 cursos e reunións de coordinación previas á execución dos subprogramas asignados.
Participación en REDIA e IMPEL	En REDIA realizáronse 9 plenarios entre as CCAA e o ministerio con competencias en medio ambiente. Adicionalmente, Galicia participou en 5 proxectos: coordinación de expedientes sancionadores en materia IPPC, vertedoiros, granxas, informatización de inspeccións, control transfronteirizo de residuos. Na rede IMPEL, Galicia participou en máis dunha ducia de proxectos e reunións a distintos niveis: responsabilidade medio ambiental, granxas IPPC, IRAM, REACH, implantación da DEI. Adicionalmente participouse dous proxectos Twinning en materia de inspección ambiental: en Georgia e en Macedonia do Norte.
Incrementar a capacidade da inspección ambiental	Neste período implantouse a plataforma electrónica GAIA: • Co módulo eInspeccións conseguiuase unha mellora na informatización das inspeccións. • Co módulo eResiduos mellorouse a trazabilidade dos residuos o que permitiu un mellor control por parte da inspección ambiental.
Xestión de denuncias e accidentes con afeccións ambientais	Obsérvanse ao longo dos anos que as denuncias pasan de denuncias de particulares a denuncias colectivas ou de asociacións. A maioría delas son por mala xestión de residuos e a problemática "social" que se observa dos vertedoiros. A inspección ambiental incrementou o número de inspeccións a ambos sectores.

5. ACTUACIÓNS REALIZADAS

Durante o período 2019-2024, salientar a publicación do Decreto 7/2020, do 9 xaneiro, de inspección ambiental de Galicia. Ademais dentro do Servizo de Intervención Ambiental realizáronse as seguintes actuacións:

5.1. PLANIFICACIÓN E CONTROL

- Elaboración da Memoria do Plan de Inspección Ambiental 2013-2018.
- Elaboración, planificación e coordinación das actuacións dos Programas anuais de inspección comprendidos no período 2019-2024.
- Elaboración das Memorias anuais de avaliación da execución dos programas.
- Elaboración do Plan de Inspección de explotacións gandeiras IPPC.
- Elaboración do Plan de Inspección Ambiental 2025-2030.
- Adaptación do Manual de Inspección e dos procedementos de inspección ao Decreto 7/2020, do 9 de xaneiro, de inspección ambiental de Galicia.
- Elaboración de documentos e informes da Dirección xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade e da extinta Subdirección Xeral de Coordinación Ambiental.
- Seguimento e análise das inspeccións realizadas polo persoal da Inspección ambiental.
- Elaboración e traslado das solicitudes motivadas de incoación de expediente sancionador en base aos incumprimentos da normativa legal detectados ao Servizo Xurídico-Administrativo, ou a outro organismo competente no incumprimento detectado.
- Seguimento e análise das inspeccións realizadas pola UPA para, se é o caso, pasar ao Servizo Xurídico por detectarse incumprimento da normativa legal, ou a remisión a outro organismo por ser da súa competencia.
- Colaboración e coordinación co 112 en relación á comunicación de emerxencias ambientais e/ou incidencias ambientais.
- Actuacións dentro do Plan Camgal.

- Mantemento e certificación do Sistema de Xestión de Calidade (SXC) da Inspección Ambiental de Galicia.
- Actuacións relativas á Responsabilidade Medioambiental.
- Implantación e desenvolvemento do módulo eINSPECCION dentro da plataforma GAIA.

5.2. FORMACIÓN

A Inspección Ambiental de Galicia conta cun sistema de xestión de calidade, actualmente certificado baixo a norma UNE-EN ISO 9001:2015 no que se controlan os procesos asignados pola normativa e os documentos de traballo empregados na execución dos mesmos.

O procedemento de xestión de persoal do SXC establece a elaboración e execución dos plans de formación dentro da Inspección Ambiental así como o proceso de cualificación do persoal inspector para o exercicio das súas funcións.

En relación co procedemento de cualificación e recualificación do persoal inspector, neste período aumentouse o número de inspeccións conxuntas.

5.2.1. Cursos organizados polo Servizo de Intervención Ambiental

Durante o período 2019-2024 o Servizo de Intervención Ambiental organizou os seguintes cursos a través da EGAP:

- ❖ Os Riscos Ambientais. Xestión de emerxencias ambientais
- ❖ A Inspección ambiental nos traslados de residuos
- ❖ Casos prácticos de desviación ambientais nas inspeccións de actividades IPPC
- ❖ Formación das Unidades Operativas de Resposta en Terra do Plan CAMGAL
- ❖ III Curso superior de Inspección Ambiental de Galicia
- ❖ Control e inspección de verteduras líquidas

5.2.2. Cursos organizados por outras unidades

Os seguintes cursos foron organizados por outros servizos ou consellerías e tiveron unha alta participación de persoal inspector ambiental:

- ❖ Plataforma GAIA

- ❖ Seguimento das AAI
- ❖ Plans de Emerxencias Exteriores

Adicionalmente o persoal da inspección ambiental realiza unha formación continuada a través da Escola Galega de Administracións Públicas (EGAP).

5.2.3. Reunións

No período 2019-2024 realizáronse reunións periódicas dentro da Inspección Ambiental de Galicia para a súa xestión e coordinación.

5.2.3. Cursos e Reunións coa UPA

A principios de cada ano reúnese cos responsables da UPA en Santiago para comunicar os datos da memoria do ano anterior e infórmase do Programa de Inspección anual, incidindo nos subprogramas que vai dedicar a UPA.

Nos subprogramas que realiza a UPA, antes do comezo das inspeccións, os axentes da UPA reciben un curso de formación teórica práctica, para coñecer o obxecto do subprograma, normativa esixida e aspectos a comprobar nas inspeccións a realizar.

5.3. PARTICIPACIÓN EN REDES E FOROS DE INSPECCIÓN AMBIENTAL

A participación en redes e foros de inspección ambiental é unha ferramenta moi importante para a actualización e disposición de coñecemento e normativa actualizados para a Inspección Ambiental de Galicia e o seu persoal.

Por outra banda, a cooperación inter e intra administrativa considérase imprescindible para a realización das actividades de control por parte da Inspección Ambiental de Galicia.

A Inspección Ambiental de Galicia conta cunha extensa experiencia nas redes de inspección ambiental REDIA e IMPEL, o que asegura un coñecemento elevado e actualizado no ámbito ambiental.

5.3.1. REDIA

A Rede de Inspección Ambiental a nivel estatal ([REDIA](#)) constitúese como un instrumento de cooperación entre o Estado e as Comunidades Autónomas en materia de inspección ambiental para contribuír á protección do medio ambiente a través do desenvolvemento e mellora permanente da inspección ambiental.

Esta rede está integrada polos responsables das inspeccións ambientais das comunidades autónomas: actualmente forman parte de REDIA as 17 comunidades autónomas, Ceuta e Melilla. O ministerio con competencias en materia de medio ambiente participa en REDIA en calidade de Secretaría. A Comunidade Autónoma de Galicia foi membro fundador desta rede e exerceu a presidencia en diversas ocasións.

As actividades de REDIA lévanse a cabo principalmente baixo a estrutura de proxectos, propostos polo menos por tres membros, para a súa aprobación. O contido dos proxectos pode abarcar desenvolvemento de normativa, elaboración de guías, protocolos, manuais, ferramentas informáticas, realización de seminarios, xornadas técnicas ou creación de grupos técnicos de traballo en materias concretas, entre outros.

No período 2019-2024 realizáronse 9 plenarios de REDIA: do 17º plenario no ano 2019 en Barcelona ao 25º plenario no ano 2024 en Palma de Mallorca.

A participación en proxectos e grupos de traballo resúmese nas seguintes táboas:

2020	GRUPO DE TRABAJO DE TRASLADOS E INSPECCIÓN
Grupo de traballo derivado da implantación do Plan Estatal de Inspección en materia de traslados transfronteirizos 2020-2025 e o seu traslado aos plans autonómicos. O Plan de Inspección Ambiental de Galicia 2019-2024 non precisou modificacións e/ou actualizacións para a execución das obrigas en materia de control transfronteirizo de residuos.	

2020	PROXECTO DE EXENCIÓN DE REXISTRO REACH PARA SUSTANCIAS RECUPERADAS QUE INCLÚE INSPECCIÓN
O ministerio con competencias en medio ambiente solicita a participación de REDIA no proxecto piloto "Exención de rexistro REACH para sustancias recuperadas" que inclúe inspeccións dentro do Foro de Cumprimento. A finalidade é investigar se os operadores de residuos están cumprindo coas obrigas derivadas do Regulamento REACH. Os obxectivos marcados: - Avaliar o cumprimento coas disposicións REACH no rexistro de sustancias recuperadas polo sector dos xestores de residuos. - Avaliar se a sustancia/mestura inspeccionada cumpre os criterios de fin de condición de residuo. - Avaliar o cumprimento das Fichas de Datos de Seguridade para as sustancias/mesturas comercializadas polos operadores de residuos - Opcionalmente avaliar o cumprimento co Regulamento de clasificación, etiquetado e envasado de sustancias e mesturas (CLP) e o Regulamento sobre contaminantes orgánicos persistentes (COP). Como resultado obteríase un manual e cuestionario para as inspeccións. Prevíase a realización das inspeccións no primeiro semestre do ano 2021, sendo relevante a súa realización conxunta coa inspección REACH. Non se puido finalizar a execución do proxecto polo COVID.	

2022 - 2024	GRUPO DE TRABAJO DE TELEMATIZACIÓN DE INSPECCIÓN
A telematización da programación e execución de inspeccións ambientais a nivel estatal, consistindo cada bloque en: • Programación da inspección. O obxectivo é xerar unha proposta automática pola ferramenta para a xeración do programa anual das inspeccións a realizar por cada administración pública. • Execución da inspección. Tramitación completa dun expediente de inspección, dende a creación do expediente, inspección de gabinete, en campo, xeración e notificación de informes, a súa publicación, ata o seguimento dos incumprimentos detectados sobre o condicionado ou listaxe de comprobación.	

O obxectivo último é o desenvolvemento dunha plataforma de inspección ambiental a nivel nacional.

Como resultado do proxecto establecéronse os requisitos mínimos da proposta de ferramenta informática. Estes requisitos son de utilidade e aquelas comunidades autónomas que non contan con aplicación propia.

Non se iniciaron os traballos de informática por falta de financiamento e por contar, a maioría das comunidades autónomas, de ferramentas informáticas propias para a xestión das inspeccións.

2022 - 2024**GRUPO DE TRABALLO DE INSPECCIÓN DE GRANXAS**

Posta en común dos programas, protocolos e listaxes de cotexo empregados por cada unha das comunidades autónomas.

Avaliación do resultado das inspeccións ambientais realizadas a estas instalacións, determinando a problemática ambiental asociada. Na comunidade autónoma de Galicia aprobouse o Plan de inspección ambiental de Galicia (2022-2026) de explotacións gandeiras suxeitas ao RDL 1/2016 de prevención e control integrado da contaminación.

2022 - 2024**GRUPO DE TRABALLO DE INSPECCIÓN DE VERTEDOIROS**

Recompilación dos procedementos de inspección e listas de cotexo empregadas polas comunidades autónomas para a realización das inspeccións ambientais a estas instalacións.

Proposta de documentos de consenso para o seu emprego por parte das autoridades ambientais das comunidades autónomas.

Posta en común dos problemas atopados na aplicación do Real decreto 646/2020, de 7 de xullo, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiros.

Como resultado obtívose un borrador de lista de cotexo para as inspeccións derivadas desta normativa específica.

2023	PROXECTO DE COORDINACIÓN CON ÓRGANOS SANCIONADORES EN MATERIA IPPC
O proxecto inclúe aos responsables de tramitación de expedientes sancionadores en materia de IPPC para a posta en común da problemática específica que se atopan. Pola parte da Inspección Ambiental das comunidades autónomas preténdese establecer criterios comúns para a solicitude de expedientes sancionadores e un protocolo de actuación. O proxecto realizou recompilación de información sobre os expedientes sancionadores e indicadores asociados.	

5.3.2. IMPEL

A Rede da Unión Europea para a Aplicación e Cumprimento do Dereito Ambiental ([IMPEL](#)) é unha asociación internacional sen ánimo de lucro das autoridades ambientais dos Estados membros da Unión Europea, os países adherentes e candidatos á UE, os países do Espazo Económico Europeo (EEE) e a Asociación Europea do Libre Comercio (AELC) e os candidatos potenciais a unirse á Comunidade Europea. Na actualidade, IMPEL conta con 56 membros de 36 países.

O obxectivo de IMPEL é crear o impulso preciso na Unión Europea para avanzar nunha aplicación máis eficaz da lexislación medioambiental, garantindo a implantación e o cumprimento efectivos da lexislación ambiental europea, promovendo a colaboración profesional, a información e o intercambio de mellores prácticas entre os reguladores ambientais.

As actividades de IMPEL tamén se levan a cabo a través de proxectos de sensibilización, desenvolvemento de capacidades, revisión *inter pares*, intercambio de información e experiencias sobre aplicación, a colaboración internacional en materia de aplicación, así como la promoción e apoio á viabilidade e aplicabilidade da lexislación medioambiental europea. Os ámbitos de aplicación dos proxectos agrúpanse nos seguintes equipos de expertos: auga e solo; ferramentas e enfoques transversais; protección da natureza; residuos e TFS e industria e aire.

Na páxina web de IMPEL atópase documentación de interese para a actividade inspectora en materia de avaliación de riscos ambientais, implantación de inspeccións derivadas da Directiva de Emisións Industriais (DEI), e outros aspectos medioambientais de interese.

Participación do persoal inspector en diversos grupos de traballo IMPEL e participacións:

2019	GRUPO DE TRABALLO <i>INDUSTRY & AIR</i> . Santiago de Compostela.
Talleres simultáneos sobre diferentes grupos de traballo: aplicación de BATs, <i>joint inspections</i> , cheiros de granxas e actividades industriais, implantación IED, leccións aprendidas de accidentes, ... Posta en común dos resultados. Visitas a instalacións na comunidade autónoma.	
2019	CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN DE DANO AMBIENTAL (CAED)
Elaboración dun documento técnico para establecer os criterios para a determinación de dano ambiental e ameaza inminente de dano.	
2020- 2023	CRÍA INTENSIVA DE AVES DE CURRAL E PORCOS
Estudo da aplicación dos BAT recollidos na Decisión de execución (UE) da Comisión polo que se establecen as conclusións sobre as MTDs respecto da cría intensiva de aves de curral ou de porcos.	
2022	RESIDUOS E SUSTANCIAS RECUPERADAS
Elaboración dun documento técnico de aplicación dos condicionantes do Regulamento REACH aos residuos e sustancias recuperadas.	
2023	VISITA DE PERSOAL INSPECTOR DE MALTA A GALICIA
Colaboración co persoal inspector de Malta en relación coas inspeccións de vertidos incontrolados de residuos. Colaboración da UPA.	



2023	AVALIACIÓN E PLANIFICACIÓN DE RISCOS: IRAM II
Continuación do proxecto IRAM I (2013). Avaliación dos aspectos ambientais que se deben examinar con maior profundidade nas visitas de inspección a unha instalación, así como o tempo asociado para a súa realización. A combinación do IRAM I e II permite unha xestión eficiente do persoal inspector.	
2023 - 2024	PROXECTO IMPLANTACIÓN DEI
Presentación de leccións aprendidas. Galicia aportou nas diversas reunións realizadas a súa experiencia na aplicación de BAT nas instalacións de cría intensiva de aves de curral e porcos dende o punto de vista das inspeccións ambientais.	

5.3.3. TWINNING

A través da Unión Europea, o persoal da Inspección Ambiental de Galicia participou ao longo dos últimos anos en instrumentos TWINNING de cooperación internacional entre Administracións Públicas dos Estados Membros da UE e de países beneficiarios ou socios.

No mes de abril de 2019 rematou o Twinning de Georgia do que Galicia foi Project Leader.

Liderouse o proxecto "Fortalecemento das capacidades para a aplicación da lexislación medioambiental (Macedonia do Norte)." O obxectivo principal deste proxecto é o apoio ao país no logro dun sistema de inspección ambiental funcional e eficiente. Galicia participou/ liderou o proxecto durante o ano 2024.

5.4. RESPONSABILIDADE MEDIOAMBIENTAL

En Galicia conta con **312 instalacións** afectadas pola Lei 26/2007 de Responsabilidade Medioambiental (LRM) segregadas en niveis de prioridade:



➤ No período 2019-2024 realizáronse as seguintes actuacións en relación a referida lei:

- ✓ Asistencia ás reunións e xornadas convocados pola *Comisión Técnica de Prevención y Reparación de Daños Medioambientales* (CTPRDM).
- ✓ Control e inspeccións das actividades de prioridade 1 que presentaron GFO conforme á Lei de Responsabilidade Medioambiental.
- ✓ Recepción das declaracións responsables de actividades de prioridade 2 segundo a Orde ARM/1783/2011, de 22 de xuño .
- ✓ Control e inspeccións das actividades de prioridade 2, segundo a Orde ARM/1783/2011 de 22 de xuño, que presentaron GFO conforme á Lei de Responsabilidade Medioambiental
- ✓ Revisión e control das declaracións responsables de actividades de prioridade 2 segundo a Orde ARM/1783/2011 de 22 de xuño.
- ✓ Recepción das declaracións responsables de actividades de prioridade 3 segundo a Orde ARM/1783/2011, de 22 de xuño .
- ✓ Revisión e control das declaracións responsables de actividades de prioridade 2 segundo a Orde ARM/1783/2011 de 22 de xuño.

➤ Neste período realizáronse 48 inspeccións a actividades afectadas pola LRM para comprobar a información declarada na Análise de Riscos Ambientais (ARA): a localización real da instalación, o contorno da mesma, e se é o caso, os depósitos de volume $>1\text{m}^3$ de sustancias susceptibles de producir un vertido.

➤ Durante o período 2019-2024 rexistráronse en Galicia 33 accidentes/incidentes ambientais, sendo a maioría incidentes menores.

En aplicación da LRM, requiriuse a 12 empresa que remitiran cumprimentado o documento C1 (comunicación de incidencia, ameaza inminente de danos medioambientais).

➤ Adicionalmente, leváronse a cabo un control das empresas ás que lles aplicaba a actualización e revisión das garantía financeira obrigatoria (GFO). Este control realizouse a través do envío de requirimento ás empresa para a presentación da documentación conforme á Lei de Responsabilidade Medioambiental.

No período 2019-2024 todos os trámites e actuacións referidas a esta normativa foron levadas a cabo por un técnico ambiental e un inspector do Servizo de Intervención Ambiental, apoiados nos temas administrativos polo persoal auxiliar administrativo da unidade.

O Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, asígnalle ao Servizo Xurídico-Administrativo dependente da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade a función da execución da normativa de responsabilidade ambiental na comunidade autónoma de Galicia.

O Servizo de Intervención Ambiental continúa a realizar a supervisión técnica das obrigas derivadas da normativa de responsabilidade ambiental, en coordinación co Servizo Xurídico- Administrativo.

5.5.CERTIFICACIÓN UNE EN ISO 9001:2015

No ano 2017 iniciouse a implantación do sistema de xestión de calidade da Inspección Ambiental de Galicia. Acadouose a certificación segundo a norma UNE-EN ISO 9001:2015 para a Inspección Ambiental de Galicia en decembro de 2018. Desde entón o sistema segue evolucionando e servindo de marco para a actividade inspectora a través de procedementos e protocolos en continua revisión, de xeito coherente coa planificación desenvolta, axudando a sistematizar todas as múltiples tarefas que require o proceso de inspección.



Coa publicación do Decreto de inspección no ano 2024, actualizouse O Manual de Inspección e os protocolos de inspección.

As auditorías de certificación superáronse con resultado favorable, non atopándose non conformidades no sistema de xestión da calidade.

No ano 2024 iniciouse un novo ciclo de certificación do Sistema de Xestión de Calidade da Inspección Ambiental de Galicia. Este novo ciclo supuxo unha adaptación das datas de auditoría aos efectos de sincronizar e optimizar esforzos de análise e programación.

5.6. ACTUACIÓNS DENTRO DO PLAN CAMGAL

A participación da Inspección Ambiental de Galicia no Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental da Comunidade Autónoma de Galicia (Plan Camgal) recóllese no Decreto 135/2016. Ao longo do Plan de Inspección Ambiental 2019-2024 realizouse intervención nas seguintes activación dentro do operativo en terra:

2019	Vertido de gasoil en Ares (barco Blue Star encaiado en Punta Miranda)
O venres 22 de novembro de 2019 o barco Blue Star con bandeira de Malta encaia sobre as 23:50 horas na costa de Ares en Punta Miranda. O barco é un quimiqueiro de 2011 cunha previsión de carga de 6.000 toneladas de combustible no porto de A Coruña, un incendio deixou ó navío sen capacidade de manobra polo que por efecto vela do vento e as correntes da zona fixo que encaicara na costa, nunha zona rochosa con acantilados de 40 metros situada en Punta Miranda. O buque se atopaba sen carga e só contiña fuel, gasoil e líquidos de sentina, o casco é dobre e aparentemente non sufriu danos importantes. Despois de varios intentos de reflatamento, a empresa armadora decide contratar a unha empresa holandesa especializada en rescates mariños, polo que se toma a decisión de baleirar os tanques de combustible do buque que conteñen fuel e gasoil para diminuír o lastre e conseguir unha maior flotabilidade. Os días 27, 29 e 30 de novembro de 2019 e 02 de decembro de 2019, o persoal inspector preséntase en Punta Miranda no concello de Ares debido o encaimento do buque Blue Star nos acantilados situados entre praia Barrosa e A Canteira, para supervisar o	

trasvase de combustible do buque ate a costa para poder realizar as labours de reflotamento.

Como resultado das visitas de inspección compróbase que se retiraron 118,7 toneladas do residuo LER 130701* entre combustibles (fuel e gasoil) e augas de sentina que foron enviadas a xestor autorizado en Galicia. O xestor encargouse do transporte do residuo ate a súa planta de tratamento en As Somozas.

O residuo se bombeou dende o barco mediante bombas de lóbulos ate un camión cisterna de 10 toneladas o cal se empregou para lograr acceder a zona con facilidade debido o barro acumulado no viero, dende este se pasou a un camión de 25 toneladas para o transporte ate a planta de tratamento.

Por parte do xestor de residuos, presentouse o contrato de tratamento do mesmo.

2021	Vertido de gasoil praia Praceres
------	----------------------------------

Activación do Plan CAMGAL (en torno ás 10:00 horas), en nivel mínimo de emerxencia, por vertido de hidrocarburos na zona marisqueira de Lourizán, movilízase ao persoal inspector a fin de identificar a orixe do vertido e tomar mostras. O hidrocarburo chegaba ao mar pola saída do colector que cruza baixo a autovía, á altura da EDAR de Placeres. Detéctase a orixe do vertido nunha estación de servizo próxima. Realízase toma de mostras.

2022	Mancha de chapapote na Illa de Arousa
------	---------------------------------------

Aviso da chegada dun vertido de hidrocarburos no entorno da Praia de Testos, no Concello da Illa de Arousa.

O representante do Concello informou que atoparon hidrocarburos en dous puntos entre a Praia de Testos e o lugar denominado "Niño do Corgo", que está xunto ao IGAFa e un terceiro punto no lugar denominado "Ribeira do Chazo", xunto ao Concello.

Na Praia de Testos había unha morea duns 20 m³ (4x5x1), de algas e terras, que desprendían un forte cheiro a hidrocarburos, depositadas nunha zona, que se atopa parcialmente asfaltada, aínda que unha pequena parte da morea atopábase sobre solo mineral. Mesturado coas algas e as terras o persoal inspector comproba a existencia dalgunhas galletas de hidrocarburo sólido moi fragmentadas.

No Niño do Corgo había unhas 5 bolsas de lixo, depositadas sobre solo mineral, con aproximadamente 1,5 m³, de algas e terras enchoupadas con hidrocarburos.

En Ribeira do Chazo aprécianse irisacións de cor azul na superficie do mar, pero aínda non comezaran coas tarefas de recollida.

Logo de visitar os tres puntos nos que se detectou a presenza de hidrocarburos, déronse instrucións ao Concelleiro de Medio Ambiente do Concello, para que colocaran un contedor, como os que teñen no punto limpo, xa que son de gran capacidade (uns 50 m³) e que o cubrirán con lonas, xa que a previsión dos seguintes días indicaba que ía haber precipitacións importantes e era moi importante que non se produciran lixiviacións á terra es ao mar dos hidrocarburos recollidos.

2024	Vertido pellets Toconao
O día 05/01/2024 actívase o Plan CAMGAL no nivel mínimo debido ao episodio do Buque Toconao no que perdeu un cargamento de boliñas de plástico (pellets ou granzas) fronte as costas portuguesas. Nesta data empezan a localizarse estas boliñas nalgunhas praias. O día 9 de xaneiro actívase o nivel medio. Este plan desactívase o día 1 de marzo. Dentro do ámbito da resposta en terra a Subdirección xeral de Coordinación Ambiental e o Servizo de Intervención Ambiental teñen unhas responsabilidades definidas no caso de que a contaminación afecte ao sistema costeiro. Como resumo destas responsabilidades, o Plan CAMGAL establece que o Grupo Operativo de Resposta en Terra poderá estar formado por Unidades de vixilancia e seguimento, formadas por persoal do Servizo de Intervención Ambiental, e Unidades de contención, limpeza, almacenamento temporal, transporte e xestión dos residuos, formadas por persoal da Subdirección Xeral de Coordinación Ambiental. Durante esta continxencia o persoal do Servizo de Intervención Ambiental: ◆ Prestou apoio técnico ás unidades definidas no Plan CAMGAL (vixilancia, recollida e xestión de residuos).	

◆Traballouse en colaboración con outras unidades no establecemento de distintos protocolos para a información sobre pellets, para a recollida dos mesmos aos concellos e para regular a actuación do voluntariado nos distintos niveis de alerta.

◆Prestou asistencia no protocolo de traballo do Sistema de Información Ambiental no que se daba resposta á información chegada a traveso deste sistema, tanto directamente como a traveso do 112. En colaboración co SIAM realizáronse propostas de resposta para as cuestións relacionadas coa continxencia que requirían dunha análise técnica específica.

◆Realizáronse 9 inspeccións en praias en xaneiro. Posteriormente en agosto realizáronse 3 inspeccións ás zonas de almacenamento dos residuos para comprobar á saída dos residuos destino á xestor autorizado, para a súa eliminación.

◆Realizáronse varios informes de seguimento das actuacións, en coordinación coa empresa TRAGSA. En particular avaliou a evolución dos datos de recollida para a realización de informes para adaptar o nivel de alerta da continxencia á realidade observada nos reportes dos traballos.


Dende a activación do plan en xaneiro ata a súa desactivación en marzo, o xefe do servizo de Intervención Ambiental e o persoal inspector adicou moitas xornadas para a análise das actuacións e a elaboración dos informes correspondentes, que motivaron unha diminución de realización de inspeccións nestes meses.

Entre os anos 2019 e 2024 realizáronse os seguintes exercicios e simulacros para o adestramento e formación do persoal involucrado no CAMGAL:

- 2021. Simulacro praia Gandarío. Bergondo.
- 2022. Exercicio de loita contra a contaminación. Illa de Sálvora.
- 2023. Simulacro no Porto de Vigo.
- 2024. Simulacro en Marín.

6. TIPOS DE INSPECCIÓN

De acordo co indicado no Decreto 7/2020, de inspección ambiental de Galicia, as inspeccións poden clasificarse:



As inspeccións programadas son aquelas realizadas como parte dun programa de inspección previsto.

As inspeccións non programadas son aquelas inspeccións que, formando parte dun programa de inspección ambiental, a súa determinación realízase de xeito estimativo baseándose na experiencia doutros anos.


As inspeccións non programadas, dependendo do momento en que se realiza, clasifícanse:

Inspección preceptiva	Previas ao outorgamento dunha autorización
Inspección de oficio	Durante o funcionamento dunha autorización ou solicitadas pola Administración cando ten coñecemento polos seus propios medios da existencia de feitos que poden ser constitutivos de ameaza inminente de dano medioambiental, delito ambiental ou infracción administrativa, para os efectos de constatar a súa veracidade. Inclúense as emerxencias ambientais.
Inspección reactiva	Inspección en virtude de denuncia, para comprobar a veracidade dos feitos denunciados e que poidan ser constitutivos de ameaza inminente de dano ambiental, delito ambiental ou infracción administrativa.
Inspección de seguimento	Inspección para comprobar a corrección de desviacións atopadas nunha inspección inicial das anteriormente indicadas.

7. MEDIOS E RECURSOS DA INSPECCIÓN AMBIENTAL

Na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos decretos de estrutura das consellerías, asígnaselle ao Servizo de Intervención Ambiental, dependente da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, a función de "realización de actividades encamiñadas ao control do cumprimento da normativa ambiental". Adicionalmente, inclúense aos 4 Servizos de Calidade e Avaliación Ambiental dos Departamentos Territoriais da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático na realización das inspeccións ambientais.

En base ao anterior, o esquema organizativo da Inspección Ambiental de Galicia é o seguinte:




Para a execución das competencias asignadas, a Inspección Ambiental de Galicia conta con 5 xefaturas de servizo e 22 prazas de persoal funcionario con funcións de inspección ambiental das escalas de ciencias, enxeñaría e veterinaria repartidos entre as diferentes unidades xunto con persoal técnico e administrativo de apoio .

Para levar a cabo o control do cumprimento ambiental, o servizo de Intervención Ambiental coordina a planificación, programación e xestión das inspeccións ambientais dentro do alcance deste plan.



Na actualidade o persoal inspector repártese entre os cinco servizos:



Dúas das prazas no servizo de Intervención Ambiental teñen como principais funcións a coordinación da inspección ambiental e de mantemento do sistema de xestión da calidade. Outra das prazas do servizo de Intervención Ambiental ten asignadas funcións en materia de responsabilidade ambiental.


Adicionalmente, o servizo de Intervención Ambiental conta cunha praza de categoría A1 posto base de apoio para a Inspección Ambiental e unha praza de auxiliar administrativo para as tarefas administrativas.

Ao longo do ano 2019-2024 producíronse numerosos cambios a nivel de persoal, que precisaron de períodos de formación e cualificación.

Estes cambios, xunto co incremento da complexidade das inspeccións IPPC e publicación de normativa ou documentos asociados a ditas inspeccións IPPC, xerou unha diminución das inspeccións realizadas polo persoal inspector ambiental, como se observa na seguinte gráfica:



Neste período, tal como se indica nos programas anuais, priorízanse as inspeccións programadas a IPPC e as inspeccións non programadas, tal como se observa na seguinte gráfica:



Debido ao anterior obsérvase unha diminución das inspeccións programadas non IPPC.

En relación ás inspeccións IPPC cabe salientar os documentos de conclusións de MTDs e a súa entrada en vigor aos catro anos da súa publicación. Isto leva asociado a revisión das AAI e a posterior comprobación da súa implantación nas instalacións IPPC o cal xerou un incremento na complexidade das inspeccións. En concreto, no período 2019-2024 entraron en vigor os seguintes documentos:



Sector	Código	Ano	Documento de conclusións
Sistemas comúns de tratamento e xestión de augas e gases residuais no sector químico	CWW	2016	Decisión de execución (UE) 2016/902 da Comisión de 30 de maio de 2016 pola que se establecen as conclusións sobre as mellores técnicas dispoñibles (MTD) para os sistemas comúns de tratamento y gestión de augas y gases residuales en el sector químico conforme a la Directiva 2010/75/UE del Parlamento Europeo y del Consejo
Industrias de alimentación, bebida e leite	FDM	2019	Decisión de execución (UE) 2019/2031 da Comisión de 12 de novembro de 2019 pola que se establecen as conclusións sobre as mellores técnicas dispoñibles (MTD) nas industrias de alimentación, bebida e leite, de conformidade coa Directiva 2010/75/UE do Parlamento Europeo e do Consello
Industria de procesos de metais férreos	FMP	2022	Decisión de execución (UE) 2022/2110 da Comisión de 11 de outubro de 2022 pola que se establecen as conclusións sobre as mellores técnicas dispoñibles (MTD), con arranxo a Directiva 2010/75/UE do Parlamento Europeo e do Consello sobre as emisións industriais, para a industria de transformación de metais férreos
Cría intensiva de aves de curral ou de porcos	IRPP	2017	Decisión de execución (UE) 2017/302 da Comisión de 15 de febreiro de 2017 pola que se establecen as conclusións sobre as mellores técnicas dispoñibles (MTD) no marco da Directiva 2010/75/UE do Parlamento Europeo e do Consello respecto a cría intensiva de aves de curral ou de porcos
Grandes instalacións de combustión	LCP	2021	Decisión de execución (UE) 2021/2326 da Comisión de 30 de novembro de 2021 pola que se establecen as conclusións sobre as mellores técnicas dispoñibles (MTD) conforme a Directiva 2010/75/UE do Parlamento Europeo e do Consello para as grandes instalacións de combustión
Industria química orgánica de gran volume de produción	LVOC	2017	Decisión de execución (UE) 2017/2117 da Comisión de 21 de novembro de 2017 pola que se establecen as conclusións sobre as mellores técnicas dispoñibles (MTD) conforme a Directiva 2010/75/UE do Parlamento Europeo e do Consello na industria química orgánica de gran volume de produción
Industrias de metais non ferrosos	NFM	2016	Decisión de execución (UE) 2016/1032 da Comisión de 13 de xuño de 2016 pola que se establecen as conclusións sobre as mellores técnicas dispoñibles (MTD) conforme a Directiva 2010/75/UE do Parlamento Europeo e do Consello, para as industrias de metais non ferrosos
Tratamento de superficies mediante disolventes orgánicos, incluíndo conservación da madeira e dos produtos derivados da madeira utilizando produtos químicos	STS	2020	Decisión de execución (UE) 2020/2009 da Comisión de 22 de xuño de 2020 pola que se establecen as conclusións sobre as mellores técnicas dispoñibles (MTD), con arranxo ala Directiva 2010/75/UE do Parlamento Europeo e do Consello, sobre as emisións industriais, para o tratamento de superficies con disolventes orgánicos, incluída a conservación da madeira e os produtos derivados da madeira utilizando produtos químicos
Fabricación de taboleiros derivados de la madeira	WBP	2015	Decisión de execución (UE) 2015/2119 da Comisión de 20 de novembro de 2015 pola que se establecen as conclusións sobre as mellores técnicas dispoñibles (MTD) conforme a la Directiva 2010/75/UE do Parlamento Europeo e do Consello, respecto a fabricación de taboleiros derivados da madeira
Incineración de residuos	WI	2019	Decisión de execución (UE) 2019/2010 da Comisión de 12 de novembro de 2019 pola que se establecen as conclusións sobre as mellores técnicas dispoñibles (MTD), de conformidade coa Directiva 2010/75/UE do Parlamento Europeo e do Consello, para a incineración de residuos
Tratamento de residuos	WT	2018	Decisión de execución (UE) 2018/1147 da Comisión de 10 de agosto de 2018 pola que se establecen as conclusións sobre as mellores técnicas dispoñibles (MTD) no tratamento de residuos, de conformidade coa Directiva 2010/75/UE do Parlamento Europeo e do Consello



Indicar que no 2021, ademais realizáronse estudos sectoriais por parte do persoal inspector, en detrimento das inspeccións programadas para a mellora da calidade das inspeccións e un incremento das inspeccións conxuntas interservizos.

Sinalar que un 50% das prazas de inspección víronse afectadas por cambios de persoal que precisou formación e cualificación para levar a cabo as funcións de inspección ambiental. Debe terse en conta que este proceso de formación e cualificación está regrado nun procedemento específico dentro do sistema de xestión da calidade.

Para a realización das inspeccións ambientais, ademais do persoal inspector propio, cóntase coa participación do persoal da **Unidade de Policía adscrita de Galicia (UPA)**. A UPA conta con programas específicos de inspección dentro da planificación da Inspección Ambiental de Galicia.

Adicionalmente, contouse coa colaboración doutras unidades administrativas, organismos e administracións:

Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia (LMAG)

Garda Civil :a través das unidades de tráfico (DGT) para o control de traslado de residuos en autoestradas, así como do Servizo de Protección da Natureza (SEPRONA)

Inspeção-Geral da Agricultura, do Mar, do Ambiente e do Ordenamento do Territorio (IGAMAOT): no control transfronteirizo de residuos

Augas de Galicia, incluíndo o persoal do Plan de Control de Vertidos (PCV) e outras confederacións hidrográficas con competencia territorial en Galicia

Entidades Locais



8. ACTUACIÓNS DE CONTROL E INSPECCIÓN REALIZADAS

As actuacións de control e inspeccións realizadas durante o período 2019-2024 encádranse dentro dos Programas de Inspección Ambiental anuais, no que se sinalan o conxunto de obxectivos e actuacións definidas cada ano, co fin de garantir o cumprimento das condicións ambientais establecidas pola lexislación ambiental aplicable. Estes programas anuais seguen as directrices e obxectivos ditados polo Plan de Inspección Ambiental 2019-2024.


O Plan de Inspección Ambiental 2019-2024, desagregouse nos seguintes Plans:

Plans a realizar pola inspección ambiental
Plan de inspección ambiental de actividades IPPC
Plan de inspección ambiental de vertedoiros
Plan de inspección ambiental de control transfronteirizo de residuos
Plan de inspección ambiental de actividades non IPPC

Plans a realizar pola UPA
Plan de investigación policial programada
Plan de investigación policial non programada


Ademais nos anos 2019 e 2020 contouse coa colaboración dun organismo de control ambiental (OCA) para a realización de inspeccións a actividades produtoras de residuos.

No período 2019-2024 leváronse a cabo un total de **8.125 inspeccións**, que foron realizadas por:




A colaboración da UPA e de OCAs facilitou que os inspectores ambientais se centraran nas inspeccións a actividades IPPC, control de traslados de residuos e a sectores de relevancia medioambiental.

Os seguintes mapas visualizan a distribución e intensidade das inspeccións ambientais realizadas polo persoal inspector ambiental e os axentes da UPA nos concellos de Galicia nos anos 2019-2024:




DISTRIBUCIÓN DE INSPECCIÓN REALIZADAS POLO PERSOAL INSPECTOR AMBIENTAL 2019-2024



DISTRIBUCIÓN DE INSPECCIÓN REALIZADAS POLA UPA 2019-2024

Na seguinte gráfica reflíctense as inspeccións realizadas por ano:



O Decreto de inspección ambiental impón a elaboración anual dun programa de inspección ambiental no que se indiquen as inspeccións programadas e non programadas.


Nos Programas de Inspección Ambiental anuais priorizáronse as inspeccións programadas a actividades IPPC (verificacións ambientais) e as inspeccións non programadas.

Inspeccións realizadas no período 2019-2024		
Plan	Programadas	Non Programadas
Actividades IPPC (incluídas vertedoiros)	600	270
Actividades non IPPC (incluídas vertedoiros non IPPC)	5.670	1.404
Control traslado de residuos	178	3
TOTAL INSPECCIÓN	6.448	1.677

Realizáronse **6.448 inspeccións programadas** e **1.677 inspeccións non programadas**. Isto significa que no período 2019-2024 das 8.125 inspeccións realizadas, un 79% foron programadas.


7.2. Balance por vector e sector ambiental

Na seguinte gráfica reflíctense o número das inspeccións realizadas neste período por vector ambiental.



Evidénciase que a maioría son inspeccións por materia de residuos (un 82%) e por materia de IPPC (14%).

Na seguinte gráfica desagregase o número de inspeccións realizadas en materia de residuos por sector ambiental:




Compróbase que a maioría son inspeccións a xestores (un 48%) e só un 4% se realizaron para dar de baixa unha autorización.

Nas inspeccións realizadas a xestores a maioría son para outorgar ou ampliar a autorización medioambiental.

Do resultado destas inspeccións conclúese que debería realizarse unha planificación específica das inspeccións a xestores de residuos para comprobar a situación do sector, analogamente a como se planifica para as actividades IPPC, cunha análise de riscos e periodicidade.


9. INSPECCIÓN REALIZADAS POLO PERSOAL INSPECTOR AMBIENTAL

Neste período realizáronse por parte do persoal inspector ambiental un total de **1.976 inspeccións**. Na seguinte gráfica reflíctense a porcentaxe das inspeccións realizadas:



Como se observa, o maior número de inspeccións corresponden a inspeccións non programadas (un 47%). Seguidas das programadas a instalacións IPPC cun 30%.

Na seguinte gráfica reflíctense o número de inspeccións por ano:



Obsérvase:

- Unha diminución das inspeccións programadas non IPPC.
- Unha diminución das inspeccións non programadas de oficio e por denuncia.

9.1. INSPECCIÓN A ACTIVIDADES IPPC


O Plan de Inspección Ambiental de instalacións IPPC é de aplicación ás instalacións de titularidade pública ou privada que desenvolva algunha das actividades recollidas no anexo 1 do Real Decreto Lexislativo 1/2016, de 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación e desenvolvidas no anexo 1 do RD 815/2013, de 18 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei IPPC.

A Autorización Ambiental Integrada (AAI) é o permiso ambiental derivado da aplicación desta normativa. O obxecto deste plan de inspección é a comprobación do cumprimento da AAI por parte das instalacións afectadas, segundo o establecido no Anexo IV.

As instalacións deben centrar os seus esforzos en evitar ou, cando iso non sexa posible, reducir e controlar a contaminación aos distintos vectores ambientais, mediante o establecemento dun sistema de prevención e control e a aplicación das mellores técnicas dispoñibles (MTDs), de acordo cos condicionantes da AAI e da normativa ambiental, co fin de acadar unha elevada protección do medio ambiente e da saúde das persoas.


De acordo co indicado no Real Decreto 815/2013, na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático publícanse os informes resultantes das inspeccións a estas actividades.

No seguinte mapa sinálanse as instalacións con AAI:




No rexistro de AAI, a data decembro de 2024, constan **284 autorizacións**.

A distribución territorial e sectorial das autorizacións recóllese nas seguintes gráficas:




Como resultado da avaliación de riscos ambientais das instalacións IPPC con AAI establece as periodicidades das inspeccións programadas de comprobación da AAI a estas instalacións:



Un 80% das instalacións IPPC teñen asignada unha periodicidade trienal.

No período 2019-2024 realizáronse un total de **600 inspeccións programadas** a instalacións con AAI e **270 inspeccións non programadas**.

Na seguinte gráfica indícase o número de verificacións ambientais (inspeccións programadas IPPC para comprobar que cumpren os condicionantes da AAI) por provincia e por sector:




Indicar que este tipo de inspeccións requiren dun enorme esforzo de preparación da inspección debido a súa complexidade e extensa documentación a estudar asociada a este tipo de actividades xunto co traballo que se debe facer con posterioridade a visita “in situ” coa elaboración do informe que leva como resultado final determinar o grado de cumprimento dos condicionantes da AAI das actividades inspeccionadas.

O grao de cumprimento da AAI da actividade inspeccionada obtense de acordo co seguinte cadro:

LEENDA: GRAO DE CUMPRIMENTO DA AAI			
	POUCO RELEVANTES	RELEVANTES	MOI RELEVANTES
TOTAL	Non se atopan desviacións da AAI en ningún dos vectores ambientais ou as detectadas foron corrixidas durante a inspección		
MOI ALTO	1 - 3	0	0
ALTO	4 - 6	0	0
MEDIO	7 - 9	1 - 3	0
BAIXO	10 - 12	4 - 6	1 - 2
MOI BAIXO	>12	>6	>2

No período 2019-2024 recóllense dous ciclos completos de verificacións, dado que cada ciclo corresponde a tres anos.


O resultado do grao de cumprimento dos condicionantes da AAI das actividades inspeccionadas neste período 2024, indícase na seguinte gráfica:



Tendo en conta o cadro e a gráfica compróbase que:

- Un 54% das actividades teñen desviacións pouco relevantes.
- Un 36% das actividades non teñen desviacións moi relevante.
- Só un 10% das actividades teñen grao de cumprimento baixo e moi baixo.

Na seguinte gráfica reflíctense o grao de cumprimento por ano:




Obsérvase que:

Predominan as actividades con grao total, Moi Alto e Medio.

Aumento das actividades con grao Medio. Estímase que este aumento pode deberse ao incremento na relevancia das desviación por reiteración.

Segundo o sector de actividade, obtiveron as seguintes gráficas do grao de cumprimento:



Obsérvase:

En todos o sectores, agás no sector industrial, predominan o grao de cumprimento Medio, sen desviacións moi relevantes para o medio ambiente.


No sector industrial predominan o grao de cumprimento Total e Moi alto, sen ningunha desviación relevante para o medio ambiente

Indicar que no sector de xestores de residuos están incluídos os vertedoiros IPPC e que estas actividades teñen unha periodicidade anual.


Tendo en conta que os graos Total, Moi Alto e Alto non levan asociados ningunha desviación relevante para o medio ambiente, obtense a porcentaxe de inspeccións realizadas sen desviacións relevantes para o medio ambiente:

Sector actividade	% inspeccións sen desviación relevante para o medio ambiente
Industrial	67%
Alimentario	65%
Xestor de residuos	48%
Granxas	37%


Nas seguintes gráficas reflíctense as porcentaxes das desviacións atopadas:



Obsérvanse un aumento de desviacións nas granxas.











Predominan as desviacións pouco relevantes.



Predominan as desviacións en residuos, solo e augas subterráneas e vertidos líquidos.

Nas seguintes gráficas reflíctense as desviacións por sector de actividade:



**Sector agropecuario:
Desviacións por vector ambiental****Sector agropecuario:
Desviacións por relevancia****Sector residuos:
Desviacións por vector ambiental****Sector residuos:
Desviacións por relevancia**

9.2. INSPECCIÓN POR CONTROL DE TRASLADOS DE RESIDUOS

O obxecto deste Plan é vixiar e controlar o traslado transfronteirizo de residuos e o cumprimento dos requisitos establecidos na normativa ambiental así como detectar traslados contrarios a normativa aplicable, co fin de garantir o cumprimento da normativa ambiental.

As inspeccións de control de traslados de residuos transfronteirizos ven regulado no Regulamento (CE) nº 1013/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2006, relativo aos traslados de residuos e séguese o documento elaborado en REDIA (Rede de Autoridades de Inspección Ambiental DE España) conforme ás recomendacións aprobadas por IMPEL en outubro de 2016.

A normativa europea esixe un Plan de Inspección para os traslados transfronteirizos, as inspeccións de traslados de residuos se realizan sobre as empresas de maior volume de intercambios transfronteirizos.

As actuacións de inspección dos traslados transfronteirizos realizáronse :

O traslado de residuos dende países da UE á Comunidade Autónoma de Galicia

O traslado de residuos dende Galicia cara a outros países da UE

Operadores: establecementos, axentes e negociantes que interveñen nestes traslados

Indicar que o traslado desde ou cara a Galicia de residuos desde países de fóra da UE realizouse de forma coordinada co ministerio competente na materia.

Este plan específico ademais das inspeccións de control de traslados de residuos transfronteirizos, engloba as inspeccións de control de traslados de residuos no interior da comunidade autónoma de Galicia.

Os controis de traslados de residuos nas fronteiras Galicia-Portugal realízanse coa colaboración da Garda Civil e coordinarase coa Inspección ambiental de Portugal.

En Galicia, realízanse tamén, en colaboración coa Garda Civil, inspeccións de traslado de residuos no interior da Comunidade Autónoma. Para o control dos traslados de residuos dentro da comunidade séguese o Real Decreto 553/2020, do 2 de xuño, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado.

No programa anual indícase as inspeccións programadas que incluírán:

En estradas, que poden ser polo interior da Comunidade Autónoma ou ben nas fronteiras ou estradas próximas fronteiras

En operadores

En portos ou en ferrocarril

Para a realización das inspeccións seguiu-se procedementos normalizados.

Nestas inspeccións, co fin de mellorar a efectividade das instalacións no ámbito de traslados transfronteirizos considerouse imprescindible a cooperación entre as diferentes competencias na materia: Ministerio competente en materia de medio ambiente, inspectores de outras comunidades como a Inspección ambiental de Portugal (IGAMAOT), o Seprona ou a Garda Civil de Tráfico e a Guarda Nacional Republicana (GNR) de Portugal.


Realizáronse un total de **181 inspeccións**, das cales 3 foron non programadas.

Na seguinte táboa reflíctense o número de inspeccións por tipo de inspección.


Inspeccións transfronteirizas programadas	
Operadores	79
Estradas	95
Portos	6
Estación Tren	1

Neste período incrementouse as inspeccións aos operadores para comprobar a correcta xestión documental dos traslados realizados.

Na seguinte gráfica reflíctense o número de inspeccións realizadas cada ano:



Na seguinte gráfica reflíctense as inspeccións levadas a cabo no control de estradas, no que se indica o número de camiións parados, o número de camiións con residuos atopados e o número de camiións que tiñan asociados infraccións:



Nas inspeccións realizadas neste subprograma compróbase que a maioría das infraccións nos traslados que se levan a cabo son:

- Co traslado non acompañan o Anexo VII (nos traslados transfronteirizos) ou Documento de identificación (nos traslados nacionais).
- Levan o documento correspondente pero presentan deficiencias como datos incompletos ou erróneos (como data efectiva do traslado, tipo e destino do residuo). Con carácter xeral, detectáronse deficiencias significativas nos ANEXOS VII que entre outros

aspectos impiden que quede acreditada a recepción e valorización dos residuos trasladados.

- Nas inspeccións a operadores non acreditan os contratos e se o acreditan, con carácter xeral, os contratos están deficientemente formulados, non inclúen as obrigas establecidas para o destinatario, e nalgúns casos presentan outras deficiencias importantes.
- Nalgúns casos non coinciden o residuo que se traslada co que ven no documento de traslado e, a veces, o xestor de destino non esta autorizado para ese residuo.

9.3. INSPECCIÓN A VERTEDOIRO

O Plan de Inspección Ambiental de vertedoiros ten como obxectivo o control ambiental destas instalacións de conformidade coa Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular e en aplicación do Real decreto 646/2020, de 7 de xullo, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro.

Este plan é de aplicación a tódolos vertedoiros da comunidade autónoma, estean sometidos a AAI como á autorización sectorial de residuos. E con independencia da situación administrativa da súa autorización ambiental.

De acordo co Anexo VII do Real Decreto 646/2020 (Alcance das inspeccións), durante a fase de explotación dun vertedoiro, así como durante o período de vixilancia postclausura do mesmo, comprobarase o cumprimento das condicións da autorización e o correcto funcionamento dos vertedoiros de acordo co sinalado no artigo 17, cunha periodicidade mínima trienal.

Realizáronse un total de **85 inspeccións**.

Na seguinte táboa reflíctense o número de inspeccións por tipo de inspección:

Inspeccións realizadas no período 2019-2024		
Plan	Programadas	Non Programadas
Vertedoiros IPPC	15	50
Vertedoiros non IPPC	15	5


A estas 85 inspeccións a vertedoiros debe terse en conta as 50 verificacións ambientais, para comprobar que cumpren os condicionantes da autorización ambiental integrada, realizadas aos vertedoiros IPPC no período 2019-2024. Isto supón a realización de **135** inspeccións aos vertedoiros existentes na comunidade autónoma de Galicia.

Ademais, a UPA realizou neste período un total de **21 inspeccións a vertedoiros selados de residuos urbanos**, para comprobar o mantemento dos ditos vertedoiros selados, tal como indica a normativa ambiental.


Realizouse tamén un número importante de inspeccións non programadas, a maioría para comprobar o seguimento do selado e construción de vasos de vertido e por denuncias recibidas como consecuencia do rexeite social deste tipo de instalacións.

9.4. INSPECCIÓNS A ACTIVIDADES NON IPPC

Na seguinte gráfica reflíctense a distribución das **198 inspeccións programadas** realizadas a actividades non IPPC :



Na seguinte gráfica reflíctense a porcentaxe das inspeccións realizadas por obxecto ou materia



Obsérvase que a maioría son inspeccións a xestores e por materia de atmosfera (actividades que emiten compostos orgánicos volátiles ou actividades potencialmente contaminantes da atmosfera).

En relacións ás inspeccións a xestores, compróbase unha mellora na xestión dos residuos perigosos. Considérase que se debería potenciar o control sobre os fluxos de residuos non perigosos.


Neste período tamén se realizaron inspeccións a actividades sometidas á Lei de Responsabilidade Medioambiental.

Por último, realizáronse un total de **727 inspeccións non programadas**, sendo a maioría preceptivas previas a outorgar ou modificar autorizacións de xestión de residuos.

10. INSPECCIÓN REALIZADAS POLA POLICÍA AUTONÓMICA (UPA)

No período 2019-2024 os axentes da UPA realizaron un total de **5.989 inspeccións**, das cales 5.312 son inspeccións programadas e 677 inspeccións non programadas.


10.1. INSPECCIÓN PROGRAMADAS



Obsérvase que un 76% de las inspeccións pola UPA son a vertedoiros incontrolados.


➤ A Policía Autonómica realizou neste período un total de 4.048 inspeccións a vertedoiros incontrolados de residuos.

Na seguinte gráfica reflíctense o número de inspeccións a vertedoiros incontrolados por provincias:



Obsérvase que a distribución dos vertidos incontrolados é similar nas catros provincias.


No seguinte mapa obsérvase os vertedoiros incontrolados atopados:



En relación coas inspeccións a puntos de vertidos incontrolados conseguiuase que a maioría dos puntos localizados foran limpados e a maioría son residuos asimilables a urbanos pero cada ano aparecen outros puntos.


Ademais a UPA realizou 21 inspeccións a vertedoiros selados de residuos sólidos urbanos, para comprobar a situación actual e o seu mantemento, tal como recolle o decreto de vertedoiros.

➤ En relación as inspeccións realizadas a xestores de residuos:



Realizáronse 64 inspeccións a Centros Autorizados de Tratamento de vehículos (CATs), (os anteriormente chamados desguaces) para comprobar que cumpren a normativa medioambiental. Compróbase que a maioría melloraron a súa xestión e adaptáanse á normativa.

➤ En relación cos produtores de residuos: realizáronse inspeccións a produtores de RCDs, talleres e produtores de residuos perigosos.




En concreto, coas inspeccións a talleres conseguiuase que este sector mellorase o seu cumprimento ambiental, mellorando o almacenamento e xestión dos residuos xerados, e actualizando as inscricións de residuos ás que obriga a normativa.

10.2. INSPECCIÓN NON PROGRAMADAS

A UPA realizou 531 inspeccións por denuncias recibidas, 8 inspeccións debido a expedientes de medio ambiente e 138 de investigación. A maioría destas inspeccións teñen por obxecto residuos ou vertidos líquidos.

Na seguinte gráfica reflíctense a porcentaxe do obxecto das inspeccións non programadas realizadas:



Obsérvase que un 85% son inspeccións por denuncia en materia de residuos, a maioría por vertido de residuos ou por mala xestión dos residuos.


O 3% das inspeccións por atmosfera son maioritariamente debido a denuncias por cheiros.

11. INSPECCIÓN OCA

Nos anos 2019 e 2020 realizáronse un total de **160 inspeccións** por parte de organismo acreditada ambientalmente.

Como en anos anteriores realizáronse inspeccións a instalacións para comprobar a súa actividade, a produción de residuos e que cumprían a normativa medioambiental.

Na seguinte gráfica reflíctense as actividades inspeccionadas:




● No ano 2019 o obxectivo das inspeccións levadas a cabo foron a actividades produtoras de residuos que envían residuos de código LER 191212 sen estar autorizados como xestores de residuos.

Do resultado de ditas inspeccións puideron extraer as seguintes conclusións:

- En xeral, o código LER 191212 é utilizado nas empresas para a xestión da fracción indiferenciada dos residuos resultante dunha segregación dos residuos máis habituais como cartón, filme, madeira, residuos metálicos.
- En moitos casos obsérvase que debe mellorar a segregación dos residuos, e moitos colectores presentaban residuos valorables como cartón, filme ou madeira.
- É bastante frecuente a mestura de residuos nun mesmo colector por indicación do xestor, normalmente cartón e filme.

- Detectouse casos de residuos xerados por diferentes centros dunha empresa que son xestionados conxuntamente.
 - En xeral, existe un descoñecemento das obrigas relativas á xestión documental dos traslados de residuos non perigosos resultadas da aplicación do Real Decreto 553/2020, tanto por parte dos produtores como dos xestores que recollen eses residuos. A maior parte dos produtores contaban só con albarás sen información ou facturas.
 - En todos os casos a codificación do residuo foi decidido polo xestor e non deixa constancia dela na documentación facilitada polo produtor. Observouse que segundo avanzaban as inspeccións os xestores foron modificando esta asignación a todos os seus clientes. Na maior parte dos casos, este residuo cambiou a súa codificación cara o LER 200301 e son enviados a un xestor de valorización (cando co código LER 191212 ían directamente ao vertedoiro).
- No ano 2020 realizáronse inspeccións a conserveiras e a actividades que fabricaban pezas de plástico, papel-cartón, metálicas.

Na seguinte gráfica reflíctense o resultado das inspeccións realizadas en relación á xestión dos residuos que producen:



12. INDICADORES AMBIENTAIS DO PLAN

Avaliase a actividade realizada durante a vixencia do Plan de inspección ambiental 2019-2024 adaptando os indicadores ás ferramentas de seguimento dispoñibles, que foron desenvolvéndose ao longo deste tempo e que dan resposta aos obxectivos establecidos no Plan.

12.1. Indicador de xestión: grao de cumprimento dos subprogramas anuais

Programa	2019	2020	2021	2022	2023	2024
IPPC Programadas	90%	83%	72%	86%	84%	85%
IPPC Non Programadas	148%	253%	178%	30%	150%	233%
Non IPPC Programadas	93%	87%	34%	34%	19%	11%
Non IPPC non Programadas	160%	173%	94%	78%	64%	144%
Traslados residuos	128%	138%	48%	159%	89%	119%

O obxectivo deste indicador era realizar o 80% das inspeccións programadas en cada subprograma.

Obsérvase que:

- Cumpriuse o obxectivo do 80% das IPPC programadas agás o ano 2021.

No ano 2021, realizáronse outras actuación que diminuíu as inspeccións como:

- ✓ Traxo centrado en estudos sectoriais por parte do persoal inspector, en detrimento das inspeccións programadas para a mellora da calidade das inspeccións. Revisión de procedementos.
- ✓ Incremento das inspeccións conxuntas interservizos.
- ✓ Reunións do Comité de Calidade focalizadas a melloras e innovación no servizo, e non a control e seguimento de inspeccións.

- Superouse o 100% das IPPC non programadas agás no ano 2022 que non houbo tantas solicitudes como as estimadas no programa.

- En relación as Non IPPC programadas agás nos anos 2019 e 2020, non se cumpriu o obxectivo marcado do 80% programado, dado que se priorizáronse as IPPC programadas e as non Programadas.
- Superouse o 100% das inspeccións non programadas a actividades non IPPC agás no ano 2023 xa que houbo menos solicitudes de inspección das estimadas no programa de inspección.
- Cumpriuse o obxectivo do 80% das inspeccións a traslados de residuos (nalgúns anos superouse o 100%) agás no ano 2021.

12.2. Indicador de xestión: grao de cumprimento das actividades con AAI

% Grao	Total ou Moi Alto	Alto	Medio	Baixo	Moi Baixo	Baixo e Moi Baixo
2019	49%	4%	35%	12%	0%	12%
2020	49%	5%	33%	13%	0%	13%
2021	60%	7%	24%	9%	0%	9%
2022	43%	8%	40%	9%	0%	9%
2023	41%	5%	43%	10%	1%	11%
2024	50%	8%	36%	6%	1%	7%

O obxectivo deste indicador era que a porcentaxe das inspeccións con un grao de cumprimento baixo e moi baixo fora <20%.

Obsérvase que o obxectivo cumpriuse nos seis anos, sendo o maior un 13%.

12.3. Indicador prioridade e tempos

En relación ao indicador de prioridade e tempos: nos 6 anos cumpriuse o 100% de grao de cumprimento das inspeccións urxentes < 5días.

12.4. Número de sancionadores abertos no período 2019-2024

Na seguinte táboa reflíctense o número de sancionadores abertos na consellería en materia de IPPC e de residuos:

MATERIA	2019	2020	2021	2022	2023	2024	TOTAL
IPPC	8	7	31	6	9	8	69
RESIDUOS	206	194	199	148	178	83	1.008

En total 1.077 expedientes iniciados.

Os expediente sancionadores iniciados en materia de residuos derivan en xeral de inspeccións realizadas polo persoal de inspección ambiental e os axentes da UPA.

Tendo en conta as inspeccións realizadas:

Inspeccións realizadas no período 2019-2024		
Plan	Programadas	Non Programadas
Actividades IPPC (incluídas vertedoiros)	600	270
Actividades non IPPC (incluídas vertedoiros non IPPC)	5.670	1.404
Contol traslado de residuos	178	3
TOTAL INSPECCIÓN	6.448	1.677


Das 870 inspeccións realizadas a actividades IPPC iniciáronse expedientes sancionadores a un **8%** das inspeccións realizadas.

Das 7.255 inspeccións realizadas a actividades non IPPC e a traslados de residuos, iniciouse expedientes sancionadores en materia de residuos iniciáronse expedientes sancionadores a un **15%** das inspeccións realizadas

12.4. Indicador de prevención: empresas con AAI certificadas en Sistemas de Xestión Medioambiental

Os sistemas de xestión existentes para avaliar o cumprimento desde indicador son o Regulamento EMAS e a norma UNE-EN ISO 14001.

A plataforma GAIA permite visualizar o número de entidades do rexistro EMAS. No período do plan, a cantidade de entidades rexistradas:



Consultado o Rexistro EMAS, o 6% das entidades con AAI contan con sistema de xestión ambiental baixo o regulamento EMAS. Polo que a situación, segundo o criterio de avaliación establecido no plan, é MOI MALA.

Non é posible avaliar as instalacións con AAI que contan con sistema de xestión medio ambiental baixo a norma UNE-EN ISO 14001 ao non ter acceso aos rexistros das entidades certificadoras. Se ben, ao ser un punto de avaliación dentro do obxecto das inspeccións programadas a actividades IPPC, obsérvase que case a totalidade dos sectores industrial, alimentario e de xestión de residuos contan con certificación neste tipo de sistema de xestión ambiental. Polo que a situación, segundo o criterio de avaliación establecido no plan, é REGULAR-BOA.

12.5. Outros indicadores do Plan

Non se considera procedente avaliar o resto de indicadores do Plan por non ter implantado neste período os desenvolvementos das ferramentas informáticas e a modificacións dos procedementos de traballo e por ser en certo modo redundantes con outros indicadores do plan e do sistema de xestión da calidade.

En concreto adáptase a avaliación establecida no plan para os seguintes indicadores:

- Indicador de subsanación: avalía a porcentaxe de disconformidades ou incumprimentos corrixidos e verificados nas inspeccións de seguimento.

Tal como está redactado o indicador non é avaliable coas ferramentas informáticas e rexistros dispoñibles.

Os indicadores de grao de cumprimento para actividades IPPC o indicador de expedientes sancionadores dan resposta ao obxectivo deste indicador do plan.

- Formación e capacitación do cadro de persoal da inspección: media da valoración efectuada polo cadro de persoal do equipo de inspección.

Neste sentido, estableceuse un indicador no sistema de xestión da calidade que é o número de accións formativas establecidas no plan de formación da inspección ambiental.

A avaliación deste indicador interno amosa un resultado favorable, téndose realizado o 100% das actividades formativas programadas.

13. LOGROS ACADADOS

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático desenvolveu durante o tempo de vixencia do Plan unha serie de medidas normativas e tecnolóxicas que reforzan as posibilidades de acción da inspección ambiental.

Entre estas medidas cabe destacar:

◀ A publicación do Decreto 7/2020, de inspección ambiental de Galicia, supón unha actualización no marco da inspección ambiental de Galicia, adaptándose ás novidades legislativas ao longo dos últimos tempos.

◀ Implantación do módulo eINSPECCION dentro da plataforma GAIA para a xestión das inspeccións ambientais da Comunidade Autónoma de Galicia.

◀ Neste período publicouse a Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.

O aspecto máis destacable desta norma desde o punto de vista da inspección ambiental é que establece o uso obrigatorio da plataforma GAIA para os suxeitos produtores e xestores con instalacións no territorio galego para o cumprimento das súas obrigas, tanto respecto dos movementos de residuos realizados dentro da comunidade autónoma como dos movementos de residuos realizados entre comunidades autónomas.

◀ Relacionado coa Lei 6/2021, mellorouse a trazabilidade para o control de residuos mediante a plataforma GAIA, ademais de mellorar a actividade da inspección ambiental cunha aplicación específica dentro de dita plataforma.

◀ Durante a vixencia deste plan desenvolveuse un traballo coordinado con outros departamentos da Dirección Xeral e a AMTEGA para mellorar a plataforma GAIA. Todo este traballo reflectiuse na publicación no ano 2024 do contrato para o desenvolvemento da plataforma. Neste contrato se inclúe a implantación dun novo módulo para o seguimento das instalacións IPPC e o desenvolvemento de novas funcionalidades en eINSPECCIONS, como a interconexión coa administración electrónica, seguimento do comportamento ambiental das instalacións e automatización das avaliacións de risco, entre outros.

14. CONCLUSIÓNS

O maior número de inspeccións realizadas foron a xestores de residuos. Debido a isto incorporouse no Plan de Inspección Ambiental 2025-2030 un plan de xestores de residuos, analogamente aos plans de actividades IPPC, de acordo cun índice de risco, para realizar unha planificación de inspeccións ás instalacións que teñan autorización de xestor de residuos.

A maior presión inspectora sobre as actividades de xestión de residuos deu lugar a unha mellora no control de residuos. Sen embargo, detéctase determinados fluxos de residuos que deben ser obxecto de actuacións específicas da inspección para acadar os obxectivos establecidos nos plans de residuos da comunidade autónoma.

Faise necesario unir esforzos para mellorar as ferramentas de control, os desenvolvementos informáticos e mecanismos de reporte de información ambiental, para racionalizar os esforzos e acadar unha estrutura áxil na que as empresas dispoñan de opcións asumibles para dar cumprimento á normativa, e a administración incremente a capacidade de avaliación da inxente cantidade de datos que se están a xerar a traveso dos reportes.

O desenvolvemento de nova normativa europea e estatal en liña coas políticas medioambientais europeas está a supoñer na práctica unha situación de complexidade administrativa na que tanto as instalacións coma a propia administración ambiental vense sobrecargadas. En ocasións faise complicado establecer prioridades, tanto a nivel empresarial como de control de actividades por parte da Administración, xa que as cargas normativas non sempre están axustadas á realidade de medios e recursos dispoñibles.

O territorio galego vese en ocasións afectado por problemas ambientais derivados de distintas situacións, como son os incidentes ou accidentes con afección ambiental, accidentes industriais ou relacionados co transporte terrestre e marítimo de mercancías. Para minimizar estas afeccións desenvólvese planificación específica en materia de emerxencias, na que se incorpora a coordinación entre departamentos para dar resposta axeitada a estas situacións. Mostra de isto son os plans específicos de emerxencia, en concreto o CAMGAL e o Plan de Control de Vertidos, que organizan a resposta a determinadas continxencias ou incidencias con posible afección ao medio ambiente.



O incremento da mobilidade da cidadanía por todo o territorio galego, a valoración cada vez maior dos espazos naturais, a mellora dos medios telemáticos e o incremento da concienciación da cidadanía con respecto á problemática ambiental se reflexa en alertas, queixas e denuncias con contido ambiental que se recollen a traveso das distintas canles habilitadas polos departamentos de medio ambiente e emerxencias. En relación ás queixas e denuncias en materia ambiental recibidas pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático a tendencia é variable pero estable ao longo dos últimos anos e os ámbitos principais son en materia de residuos, vertidos e molestias.

15. PROPOSTA DE MELLORAS

Como resultado da experiencia acadada durante a actividade do sistema de inspección ambiental no marco do Plan 2019-2024 e para dar cumprimento á elevada esixencia de control establecida na normativa ambiental considérase de interese incorporar unha proposta de actuacións para ter en conta durante o seguinte ciclo de planificación, que se incorporarán dentro do Sistema de xestión da calidade da Inspección Ambiental de Galicia.

En base á experiencia acadada neste plan propóñense as seguintes melloras:

- Fomento da telematización coordinada dos diferentes sistemas de información e rexistros ambientais da consellería.
- Informatización dos resultados das inspeccións realizadas para poder extraer as problemáticas ambientais detectadas así como aspectos a mellorar e incluílas nas planificacións futuras da consellería.
- Incorporación de ferramentas informáticas para facilitar que as empresas cumpran as obrigas derivadas da Lei de Responsabilidade Medioambiental en Galicia.
- Desenvolvemento dos visores ambientais, tanto para xestión interna como para incrementar a transparencia e información á cidadanía.
- Aprobación dun plan específico para as inspeccións de xestores de residuos. Considérase prioritario esta liña de inspección, para complementar o seguimento de execución dos plans de residuos da consellería e o cumprimento da normativa ambiental.
- En relacións ás inspeccións realizadas a xestores de residuos, compróbase unha mellora na xestión dos residuos perigosos. Considérase prioritario ampliar o seguimento e control sobre os fluxos de residuos non perigosos.
- Necesidade de rexistrar e controlar as tarefas de xestión e coordinación necesarias na inspección ambiental. Para iso propónse un plan transversal de xestión da calidade da inspección ambiental.
- Garantir os recursos destinados á inspección ambiental. Os resultados obtidos neste plan amosan a necesidade de incorporar elementos técnicos e medios de colaboración que faciliten a labor inspectora (drons, aplicacións, equipos, entre outros).

Estas propostas foron tidas en conta para a redacción do Plan de Inspección Ambiental de Galicia 2025-2030.

DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E SOSTIBILIDADE